Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

A **Xunta de Galicia** garante a asistencia sanitaria na nosa comunidade ás persoas que non teñen acceso polas vías ordinarias.

Quen pode acceder ?

Os estranxeiros que residen en Galicia de forma estable sen recursos económicos suficientes.

Requisitos para acceder o programa

1. **Non ter dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario** recoñecida polo INSS/ISM, **nin ter subscrito un convenio especial, nin poder exportar o dereito** dende o país de orixe ou procedencia.

+

2. Ter residencia estable en Galicia, cun **empadroamento igual ou superior a 183 días.**

+

3. **Non dispoñer de ingresos anuais,** en España ou no país de orixe ou procedencia, **superiores ao Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples** (IPREM).

Onde se tramita ?

No centro de saúde que che corresponda por residencia.

Como se tramita ?

A solicitude farase **de maneira individual**

Tiñas tarxeta sanitaria antes do 1 de setembro de 2012 ?

Non

- Leva o teu **documento identificativo, TIE ou pasaporte.**
- **Cobre a solicitude** de alta que inclúe:
  - Declaración responsable de ingresos.
  - Autorización á consulta telemática dos datos.

+

- Certificado de empadroamento.
- Libro de familia.
- Declaración do IRPF.
- Denegación de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.
- Certificado de ingresos no país de orixe.
- Certificado de que non procede a exportación do dereito a asistencia sanitaria en países da UE, do Espazo Económico Europeo, da Confederación de Suíza ou países con convenio bilateral.

Si

- Leva o teu **documento identificativo, TIE ou pasaporte.**
- **Cobre a solicitude** de alta que inclúe:
  - Declaración responsable de ingresos.
  - Autorización á consulta telemática dos datos.

(Procedemento transitorio co prazo límite do 1 de xuño de 2013)

Unha vez aprobada a solicitude recibirás no domicilio ou centro de saúde o **documento que acredita o dereito á asistencia en Galicia, cunha validez dun ano.**

Comprobación da documentación

A Administración comprobará e revisará a documentación, e si non estivera completa ou tivera algún defecto, **poderá solicitar a documentación ao cidadán**, e se o caso así o xustificase, **poderá solicitar un informe a cargo dun traballador social.**

En calquera caso, se recibiches unha asistencia despois do 1 de setembro, lembra que tes **6 meses para darte de alta** no programa.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE